


Estimulación da lingua oral

Esta semana deixámosvos catro ideas para progresar na competencia lingüística. Esperamos que vos gusten!



1.- Conto de José.

Este conto "Las manos de José" pódenos axudar a levar a cabo esa rutina tan importante como o lavado de mans. Ademáis podedes atopar a actividades adaptadas.



Pincha na imaxe do conto.

Grazas a aprendices visuales pola súa magnífica labor.

2.- Frases feitas

Ás veces comprender as frases feitas pode ser complicado. Aínda que son expresións que empregan palabras sinxelas e habituais, refírense a significados que nada teñen que ver con elas. Qué quere dicir iso de "tirar la casa por la ventana"?




Nesta [web pictorinadibuja](#) podemos atopar algunhas frases feitas habituais cunhas ilustracións magníficas.

Grazas a [pictorina](#) por compartir o seu traballo.



3.- Imita a miña cara

Na presentación que atoparedes baixo esta entrada na aula virtual poderedes atopar algunhas "caras feas" que nos axudarán a espertar a boca e a lingua.



Atrévedesvos a intentalo?

4.- Verdadeiro ou falso

Esta semana volvo a propoñervos uns xogos de verdadeiro ou falso. Desta vez, son sobre profesións. Só tes que ver a imaxe e responder ás preguntas.

Cunha pequena axuda, poderás facelo xenial!

Abre o arquivo pdf [Profesiones. Verdadero o falso](#) que atoparás baixo esta entrada na aula virtual.

Grazas a [soyvisual](#) polos seus materiais.